



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de agosto 2008

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE AGOSTO 2008



1.- Resumo

Mes chuvioso e con baixas temperaturas

O mes de agosto caracterizouse pola gran variabilidade nas situacións sinópticas. A presenza de aire frío sobre o Atlántico impediu a estabilización anticiclónica, e polo tanto non houbo períodos superiores ós 5 días de sol e calor en toda a Comunidade. Así o mes comezou cunha situación anticiclónica, moi estable, que se estendeu nos primeiros 5 días, pero particularmente entre o 3 e o 5, con temperaturas altas e ceos despexados. O día 6 un centro de baixas presións achegouse a Galicia, deixando dúas xornadas de ceos nebulosos e algunhas chuvias moi escasas, principalmente nas zonas do litoral. As xornadas do 8 e o 9 foron novamente anticiclónicas, quedando o día 9 os ceos completamente despexados e con altas temperaturas. Durante as xornadas do 10, 11 e 12 Galicia estivo novamente baixo a influencia dunha borrasca situada ó oeste de Irlanda, destacando a fronte que atravesou a nosa Comunidade o día 11 que deixou cantidades superiores ós 10 l/m² no norte de Galicia. Os días 13, 14 e 15 Galicia estivo en situación intermedia entre altas e baixas presións, e na madrugada do 16 a chegada dunha fronte moi activa deixou chuvias en toda a Comunidade, particularmente cuantiosas no golfo Ártabro. Unha nova fronte con menor actividade atravesou Galicia na xornada do 21, sendo o 20 e o 23, xornadas anticiclónicas con predominio dos ceos despexados. O mes rematou cunha derradeira semana anticiclónica, que deixou nas xornadas entre o 25 e o 27 as xornadas de máis calor do mes, xunto cos primeiros días. Sen embargo, o período entre o 28 e o 30 foron xornadas moi treboentas por mor da existencia de aire frío en altura. As treboadas foron particularmente intensas na madrugada do 30 nas Rías Baixas.

Temperatura: As temperaturas foron baixas en xeral en toda Galicia coa excepción do litoral noroeste e norte de A Coruña e o litoral de Lugo onde as temperaturas medias estiveron incluso por riba das normais. Isto é así debido ás numerosas xornadas con ventos do sudoeste, que a pesar de deixar moita chuvia fan subir os termómetros nesas áreas. No lado contrario destaca a situación de Ourense onde as temperaturas medias estiveron máis de 2°C por debaixo da media, destacando 11 días onde as máximas foron inferiores ós 25°C.

Chuvia: As cantidades de chuvia acumulada oscilan entre as cantidades normais dun mes de Agosto e as localidades onde esa cantidade estivo por riba da agardada. Se embargo o número de días de chuvia estivo por riba da media en tódalas localidades de Galicia.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMADS), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

CIS FERROL

	AGOSTO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	19.5	19.4	21.5 (2003)	17.8 (1977)
T ^a mínima media	16.3	16.1	18.1 (2003)	14.7 (1974)
T ^a mínima absoluta	12.6 (día 25)	11.4 (05/08/1986)		
T ^a máxima media	23.6	22.6	25.0 (2003)	20.7 (1977)
T ^a máxima absoluta	28.4 (día 28, 29)	35.2 (20/08/1993)		
Precipitación acumulada	66	21-33	96 (1977)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	9	5	12 (2004,77)	1 (1998;81)

Comentario:

Mes normal respecto ás temperaturas medias e mínimas e moi cálido en canto ás máximas, 1°C por riba do agardado.

A precipitación e o número de días de chuvia superan os valores climáticos normais, polo que o mes pode considerarse moi húmido



SANTIAGO

	AGOSTO 2008	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.2	19.9	23.1 (2003)	17.1 (1986)
Tª mínima media	14.0	14.6	17.4 (2003)	12.4 (1986)
Tª mínima absoluta	9.2 (día 15)	7.3 (29/8/1986)		
Tª máxima media	23.8	25.3	28.9 (2003)	21.7 (1986)
Tª máxima absoluta	32.4 (día 28)	39.7 (12/8/2003)		
Precipitación acumulada	42	40-55	150 (1992)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	7	5	12 (2004,92)	1 (1998)

Comentario:

*Mes frío tanto en temperaturas máximas coma mínimas, e mesmo moi frío no que respecta ás temperaturas medias, 1.7 °C por debaixo do agardado**.*

A cantidade de precipitación cae dentro do rango normal, aínda que o número de días de chuvia é algo superior ao valor medio agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	AGOSTO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.8	19.4	21.8 (1998)	17.0 (1983)
Tª mínima media	12.5	13.4	15.3 (2003)	11.0 (1974)
Tª mínima absoluta	6.8 (día 7)	5.0 (29/08/1986)		
Tª máxima media	24.5	25.6	30.2 (2003)	21.4 (1983)
Tª máxima absoluta	30.9 (día 3, 5)	40.0 (12/08/1987)		
Precipitación acumulada	46	20-30	88 (1976)	0.3 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	7	4	10 (2004,83)	0 (1988;81)

Comentario:

Mes frío no que respecta ás temperaturas máximas e mínimas e mesmo moi frío en canto ás temperaturas medias, 1.6 °C por debaixo do valor climático

A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia e superior ao agardado, polo que o mes pode considerarse “húmido”



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	AGOSTO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	19.4	20.0	22.7 (2003)	17.6 (1977)
T ^a mínima media	14.7	14.2	17.6 (2003)	12.1 (1986)
T ^a mínima absoluta	10.4 (día 14)	8.0 (23/08/1977)		
T ^a máxima media	24.9	25.8	29.5 (2006)	22.7 (1977)
T ^a máxima absoluta	30.5 (día 28)	38.0 (12/08/2003)		
Precipitación acumulada	58	22-53	142 (2004)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	7	5	12 (2004)	0 (1981, 78)

Comentario:

Mes frío en xeral, con temperaturas medias e especialmente temperaturas máximas por debaixo do agardado. As mínimas sen embargo quedan mesmo por riba do valor climático. A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia superan os valores normais, polo que o mes pode considerarse “humido”

OURENSE

	AGOSTO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	20.8	22.2	25.5 (2003)	19.0 (1977)
T ^a mínima media	14.5	14.6	17.3 (2003)	10.7 (1974)
T ^a mínima absoluta	9.5 (día 15)	5.6 (26/08/1985)		
T ^a máxima media	27.9	30.0	34.0 (1998)	24.5 (1977)
T ^a máxima absoluta	35.3 (día 3)	42.2 (04/08/1990)		
Precipitación acumulada	20	17-24	88 (1976)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	4	3	8 (2004)	0 (2002; 88)

Comentario:


Mes moi frío en canto as temperaturas medias e sobre todo respecto ás máximas, máis de 2 °C por debaixo do agardado). O promedio das mínimas, en cambio, é moi semellante ao valor climático. A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia poden considerarse normais para o mes de agosto



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.
Mes de Agosto 2008**






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Agosto 2008**





3.3.- Temperatura media das máximas




T_{máx} -- 08/2008

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas



T_{mín} -- 08/2008

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)

